

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 5 DE MARZO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día cinco de marzo de dous mil dezaoito ; as once horas e dez minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona María López Touza , Don Javier Iglesias Sendín., Don Ricardo González Amaro.

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinte e seis de febreiro de dous mil dezaoito (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

**APROBACIÓN DO PROXECTO DE AGREGACIÓN E SEGREGACIÓN DE  
PARCELAS PARA CREAR A PARCELA DO CENTRO DE SAÚDE-PUNTO DE  
ATENCIÓN CONTINUADA PAC DO CONCELLO DE RIBADAVIA.**

Visto o “ Proxecto de Agregación e Segregación de Parcelas para crear a parcela do Centro de Saúde –Punto de Atención continuada PAC , Campo da Feira do Concello de Ribadavia” de data febreiro de 2018 redactado polas arquitectas dona Mercedes Alvarez López e dona Begoña Arregui Rodríguez.

Visto o artigo 147.2 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia” As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto loga da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística , así como do planeamento en vigor”

Visto o artigo 150.6 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia “ Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade”

Visto o punto 3 do Proxecto , Memoria Xustificativa, páxinas 12 e 13 , 3.1 Normativa urbanística de aplicación e 3.2 Xustificación de cumprimento da normativa urbanística no que se conclúe” En base a todo o sinalado, considérase que a segregación proposta se axusta ás condicións da normativa urbanística vixente , respectando as condicións fixadas na Sección 2ª Parcelación do Capítulo II , Intervención na edificación e uso do solo da LSG, así como na Sección 6ª Parcelacións do Título VI.Intervención na edificación e uso do solo e disciplina urbanística do seu Regulamento.

A xunta de goberno local por unanimidade acorda:

Aprobar o “ Proxecto de Agregación e Segregación de Parcelas para crear a parcela do Centro de Saúde –Punto de Atención continuada PAC , Campo da Feira do Concello de Ribadavia” de data febreiro de 2018 redactado polas arquitectas dona Mercedes Alvarez López e dona Begoña Arregui Rodríguez.

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

#### **ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO INDUSTRIAL.-**

1.- Visto o escrito presentado por Medenagro SL solicitando acometida de auga na Carretera Nacional 120, kilómetro 595, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 25-1-2018 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

2.- Visto o escrito presentado por Jesús Deaño Deaño solicitando acometida de auga na rúa Progreso 40, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 12-1-2018 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Escrito de dona Raquel González Busto con número de rexistro de entrada no concello 913 de 26 de febreiro de 2018, no que expón que “ o sábado día 24 de febreiro de 2018 tivemos que chamar as 01:45 a garda civil porque no café-restaurante Alternativa montaron unha festa co grupo “ La Banda” e o ruído superaba o permitido dado que se escoitaba no 1º piso e no –2 do garaxe.” E solicita “ que se tomen as medidas oportunas”

A xunta de goberno local , por unanimidade, acorda: Requerir ao establecemento Alternativa para que na súa actividade se axuste á licenza municipal que non lle autoriza a realizar concertos ou actuacións musicais,coa expresa advertencia de que , caso de reiterarse ditas actuacións, procederase a tramitar un expediente sancionador.

#### 4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A xunta de goberno toma coñecemento dos seguintes:

Escrito da Subdelegación do Goberno de Ourense comunicando a celebración dunha concentración en Ribadavia o día 26 de febreiro de 2018 .

#### 5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

### Actuacións en Areas de Rehabilitación integral , Acordo de Comisión Bilateral do 26/11/2017 , concello de Ribadavia, Area de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia 14º Convenio.

Que ao abeiro da 14ª convocatoria municipal de data 31 de outubro de 2017 , publicada no BOP o día 18 de novembro de 2017, estanse a tramitar actuacións de rehabilitación para as que se solicita a súa calificación provisional aos efectos do financiamento previsto no RD 233/2013 do 5 de abril, tendo en conta o previsto no acordo da Comisión Bilateral de Vivenda asinado o 26 de outubro de 2017.

Que os titulares dos expedientes que se tramitan cumpren os requisitos que veñen regulados pola Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, RD 233/2013. Se cumpren os requisitos de documentación relativa á personalidade dos solicitantes, titularidade e destino das vivendas , tipo de actuacións de rehabilitación protexibles, requisitos para obter a condición de beneficiarios tanto xerais como establecidos nas Leis de subvencións como específicos que refire o RD 233/2013 para actuacións en áreas de rehabilitación.

Todas as actuacións relacionadas serán executadas ou están executándose ao abeiro das súas correspondentes licencias municipais de obras.

Promotor/solicitante ( BENEFICIARIO FINALISTA)	NIF	endereço	Tipo actuación	Nº vivendas	M2 útiles	Orzamento previsto	Prazo en meses	Sub. Prevista MIN VIV.	Sub prevista Xunta	Ministerio e Xunta 2017
Antonio Rodríguez Mariño	34.419.469 S	Rúa Porta Nova de Abaixo nº 23	Art 26 1 a)	1	101,46	<b>20.000,00</b>	6 meses	7.000,00	2.000,00	<b>9.000,00</b>
María Sagrario Rodríguez Meiriño	34.626.738 P	Trav Santiago I nº4 Madalena nº 3	Art 26 1ª)	1	54,50	<b>40.414,61</b>	9 meses	11.000,00	4.000,00	<b>15.000,00</b>
Concepción González González	34.529.204 V	Rúa San Martiño nº 6	Art 26 1ª)	1	76,70	<b>6.000,00</b>	6 meses	11.000,00	3.577,91	<b>14.577,91</b>
Celsa Ferreiro Varela	34.938.311 T	Rua XuízViñas nº4	Art 26 1ª)	1	76,70	<b>6.000,00</b>	6 meses	2.1000,00	600,00	<b>2.700,00</b>
Jaime Gómez	34.938.311 T	Rúa Santiago nº23	Art 26 1ª)	1	83,48	<b>42.538,67</b>	9 meses	11.000,00	4.000,00 15.000,00	
Sumas						<b>144.732,41</b>		<b>42.100,00</b>	<b>14.177,91</b>	<b>56.277,91</b>

Consta no concello toda a documentación relativa a cada expediente, que queda a disposición do Instituto Galego de Vivenda e Solo e demais órganos competentes aos efectos da súa comprobación.

**Contratación proxecto de “ Mellora de camiños municipais no concello de Ribadavia”**

Con data de 5 de febreiro de 2018 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

No expediente constan:

-Proxecto de Mellora de camiños municipais no Concello de Ribadavia asinado polo enxeñeiro don Salvador Añel Prada de data de xuño de 2017..

- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado polo alcalde de data 2 de febreiro de 2017

-Informe de secretaría de data 2 de febreiro de 2017.

A xunta de goberno local , por unanimidade, acorda:

1- Aprobar o expediente de contratación , mediante procedemento negociado sen publicidade para a obra de “ Mellora de camiños municipais no concello de Ribadavia”

2-Aprobar un gasto por importe de 44.391,98 euros , IVE engadido.

3-Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares.

4- Invitar, alomenos, a tres empresas co obxecto de que presenten propostas económicas para a execución de dita obra , relacionando o Sr alcalde ás seguintes empresas a invitar:Excoviga SL, Aopil SL, Daniel Novoa Iglesias.

Presentadas as seguintes ofertas:

Con número de rexistro de entrada 829 de 20 de febreiro de 2018 Daniel Novoa Iglesias.

Con número de rexistro de entrada 838 de 20 de febreiro de 2018 AOPIL SL.

Con número de rexistro de entrada 851 de 21 de febreiro de 2018 Excoviga SL.

A documentación xeral , sobre A, se presenta correctamente.

A oferta económica, sobre B:.

Daniel Novoa Iglesias, 44.200 euros e dous meses de ampliación do prazo de garantía, AOPIL SL 44.281 euros e ampliación do prazo de garantía de un mes.

Excoviga 44.330 euros e un mes e medio de ampliación do prazo de garantía

A proposición economicamente máis ventaxosa é a presentada por Daniel Novoa Iglesias.

A xunta de goberno local por unanimidade acorda:

- Formular proposta de adxudicación a favor de Daniel Novoa Iglesias
- Requerir a Daniel Novoa Iglesias para no prazo de cinco días hábiles a contar dende o seguinte á recepción da notificación da presente presente a documentación xustificativa de estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas n epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, estar afiliado e de alta na seguridade social no réxime que corresponda por razón da actividade e atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e de seguridade social e constitúa , en calquera das formas previstas polo artigo 96 do Real Decreto legislativo 3/2011 que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público ( en efectivo, mediante aval ou contrato de seguro de caución) a garantía definitiva polo importe de 1745,90 euros, correspondente ao 5% do importe de adxudicación sen computar o IVE.
- Notifíquese a presente resolución aos candidatos non propostos como adxudicatarios con réxime de recursos

Presentada a documentación requerida con rexistro de entrada no concello de 5 de marzo de 2018 por Daniel Novoa Iglesias.

A xunta de goberno local ,por unanimidade, acorda:

- 1º Adxudicar á Daniel Novoa Iglesias o contrato de obras de “ MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE RIBADAVIA”
- 2º Dispor o gasto por importe de 44.200 euros, IVE engadido, con cargo ao vixente orzamento municipal .
- 3º Notificar a presente resolución ao adxudicatario do contrato , e citarlle para a firma do contrato que terá lugar o día 14 de marzo en horario de maña

## **6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as once horas e vinte minutos da maña, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.